

No verán, a nosa aula **CeMIT do Concello de Pontedume** participou nas actividades do **Programa Tech Kids** (Robótica e Crea o teu personaxe de videoxogo), e dado o éxito destas actividades, queremos informaros que proximamente realizarase unha xornada final deste programa centralizada en Santiago de Compostela para todos os rapaces e rapazas de Galicia e creemos que sería moi interesante difundir esta nova xornada entre os rapaces e rapazas da nosa aula.

A continuación facilitámosche toda a información:

- Cando será a xornada? O domingo 18 de novembro en horario de 11:00-14:30 horas

- Onde? Na Cidade da Cultura de Galicia – Monte Gaiás s/n 15702 Santiago de Compostela (no Museo Centro Gaiás “Hall Tirantes”)

- Quen pode participar nesta xornada?: Todos os rapaces e rapazas entre 10 e 17 anos. Terán prioridade de inscrición os participantes nas actividades do Programa Tech Kids desenvoltas na rede CeMIT durante o verán 2018.

- Que actividades se realizarán?:

.Vídeo Mapping interactivo: Elaborar un “puzzle interactivo” organizando cadrados a través de movementos aéreos compoñendo un vídeo.

.Chroma Key: Crear e posar nun escenario virtual en tempo real.

.Jam Musical: Crear música, aínda sen coñecementos previos, cun sistema informático de música en directo.

.Drones Tech: Coñecer as posibilidades que ofrecen os drones na actualidade e participarás na demostración.

Tamén facilitarase unha bolsa de pícnic e haberá unha zona de xogos e un relatorio ás 12:00 de Mundos Dixitais para as familias.

- Como é o proceso de inscrición?:

Prazos: As inscricións xestionaranse por rigorosa orde de chegada ata o venres 16 de novembro ás 14:00 horas. Ata o martes 13 de novembro terán prioridade de inscrición os rapaces e rapazas que participaron nas actividades do Programa Tech Kids durante o verán de 2018, e a partir desta data, asignaranse as prazas dispoñibles a todos os rapaces e rapazas interesados.

Lugar de inscrición: As persoas interesadas poderán inscribirse a través de [https://cemit.xunta.gal/frm\\_tech\\_kids](https://cemit.xunta.gal/frm_tech_kids)

***Axudas ao desprazamento:*** Esta actividade está suxeita á axuda para o desprazamento aos rapaces e rapazas participantes nas actividades Teck Kids

*durante o verán de 2018 nas aulas CeMIT que se atopen en localidades a máis de 50 kms de distancia á Cidade da Cultura (tomarase como punto de orixe a localización da aula CeMIT). O importe de axudas ao desprazamento é limitado polo que se priorizará a axuda aos participantes das aulas CeMIT máis alonxadas. O mércores 14 de novembro se confirmará se a axuda foi concedida e o importe a recibir. O importe da axuda entregarase en efectivo o día do evento xunto cun xustificante de recepción. Para recoller a axuda para o desprazamento deberá presentar o DNI ou pasaporte do pai, nai ou titor legal, indicando o nome do neno ou nena inscrito.*